

PESDELÁN

Mediante a música en vivo e o ensino de bailes e xogos sinxelos ao público, pretenden recuperar o espírito participativo das festas e integrar a todas as persoas sen importar a súa idade, condición física ou experiencia. Pesdelán xorde no 2008 da unión de reputados músicos, bailadores e mestres de coñecidas formacións musicais de Galicia e Portugal.

Para a xente máis ambiciosa, estes espectáculos poden incluír un obradoiro de baile antes do concerto-baile (opcional).



FICHA ARTÍSTICA

VOZ: Belén Tajés

MANDOLINA: Xiao Berlai

PERCUSIÓN: Rubén Montes

ACORDEÓN: Roberto Grandal

AXUDAN A BAILAR: Mercedes Prieto
ou Montse Rivera



55'



TODOS OS PÚBLICOS

NA PUNTA DO PÉ

Unha das integrantes animaranos a seguir os seus pasos, explicados de forma sinxela para que tod@s poidamos unirnos á festa, acompañana un grupo de grandes músic@s. Risa, baile e coñecer a novos compañeiros de baile.

[+ INFO](#) [▶ VÍDEO](#)

NA PALMA DA MAN

Os bailes e danzas máis divertidos da Península Ibérica. Pai Paulino (Galicia), Galandún (Portugal) ou Txulalai (País Vasco) son algúns dos nomes dos bailes que conforman este espectáculo.

[+ INFO](#) [▶ VÍDEO](#)

ENTROIDANZAS

Bailaremos cos folións de Ourense, seremos demos das rúas de Lima, andaremos como os corcovados do centro de Italia, moveremos os coloridos paraugas do Frevo de Pernambuco... Pesdelán todo o ano é Carnaval!

[+ INFO](#) [▶ VÍDEO](#)

CULTURACTIVA